

ESTATUTOS DA ASOCIACIÓN

CAPÍTULO I

DENOMINACIÓN, FINS, DOMICILIO É ÁMBITO:

Artigo 1. Coa denominación Xuvenil, Cultural e Ambiental Buraca das Grellas, constitúese unha ASOCIACIÓN ó amparo da Lei Orgánica 1/2002, de 22 de marzo, e normas complementarias, con capacidade xurídica e plena capacidade de obrar, carecendo de ánimo de lucro.

Artigo 2. Esta asociacións constitúese por tempo indefinido.

Artigo 3. A existencia desta asociación ten como fins:

- 1- A recuperación das festas tradicionais
- 2- A creación de actos culturais participativos para a unión da comunidade
- 3- A implicación da xuventude nos actos do concello
- 4- A conservación do medio ambiente.
- 5- A creación de actividades para a promoción do medio natural do concello
- 6- O fomento de actividades para o lecer dos maiores
- 7- A creación de actividades para o desenvolvemento e a modernización do medio rural.
- 8- O fomento das novas tecnoloxías no rural.
- 9- O fomento da limpeza do entorno para mellorar a saúde ambiental do concello.
- 10- A conservación do patrimonio cultural da zona.
- 11- A creación de novos servizos lúdicos para que a poboación permaneza no medio rural.
- 12- O fomento do turismo sostible na zona.
- 13- Promover a artesanía.
- 14- Colaborar, divulgar e facer campañas de información, concienciación e prevención no ámbito da saúde.
- 15- Promover e mellorar a agricultura e gandería.
- 16- Promover a igualdade no ámbito social.
- 17- Colaborar con Asociacións, Entidades, Fundacións, Concellos, Administración, Universidades, ou calquera outro tipo de organización que a Asamblea crea oportuna.
- 18- Solicitar subvencións para o desenvolvemento das actividades desta asociación.

Artigo 4. Para o cumprimento destes fins realizaranse as seguintes actividades:

- Organizar festas populares e eventos culturais.
- Eventos específicos de promoción turística.
- Recuperación de tradicións
- Cursos, charlas e coloquios sobre novas tecnoloxías, turismo, medio ambiente, artesanía, agricultura e gandería, hábitos saudables, sexualidade,...
- Organización e/ou realización de accións formativas, seminarios, congresos ou similares de distintos temas.
- Actividades culturais (música, teatro, contacontos, monólogos, cine, fotografía, pintura, certame literario, exposicións,...)
- Organización de actividades deportivas e de ocio.
- Obradoiros de tempo libre.
- Creación dun portal web propio, informativo e turístico da zona, así como das nosas actividades.
- Limpeza de sendeiros, sinalización e difusión do patrimonio etnográfico, cultural e natural.
- Organización de viaxes culturais a lugares de interese para a comunidade.
- Reproduccións audiovisuais.
- Elaboración de material da asociación (camisolas, chisqueiros, chaveiros...) destinado a financiación da mesma.
- Xornadas gastronómicas (magosto, produtos típicos da zona,...)
- As que a Asamblea Xeral ou a Xunta Directiva acorde.

Artigo 5. A Asociación establece o seu domicilio social en Teixeira do Caurel Rúa. Teixeira núm 18 C.P 27324, e o seu ámbito territorial no que vai realizar principalmente as súas actividades é de ámbito local.

CAPÍTULO II

ÓRGANO DE REPRESENTACIÓN

Artigo 6. A asociación será xestionada e representada por una Xunta Directiva formada por: un/ha Presidente/a, un/ha Vicepresidente/a, un/ha Secretario/a, un/ha Tesoureiro/a e sete vocais. Tódolos cargos que compoñen a Xunta Directiva serán

gratuítos. Estes serán designados e revocados pola Asemblea Xeral Extraordinaria e o seu mandato terá unha duración de catro anos.

Artigo 7. Estes poderán causar baixa por renuncia voluntaria comunicada por escrito á Xunta Directiva, por incumprimento das obrigacións que tiveran encomendadas e por expiración do mandato.

Artigo 8. Os/as membros da Xunta Directiva que esgotaran o prazo para o cal foron elixidos, continuarán ostentado os seus cargos ata o momento no que se produza a aceptación dos que lles substitúan.

Artigo 9. A Xunta Directiva reunirse cantas veces o determine o seu Presidente e a iniciativa ou petición de calquera dos seus membros. Quedará constituída cando asista a metade máis un dos seus membros e para que os acordos sexan válidos deberán ser tomados por maioría dos votos. En caso de empate, o voto do Presidente será de calidade.

Artigo 10. Facultades da Xunta Directiva: As facultades da Xunta Directiva estenderanse, con carácter xeral a tódolos actos propios das finalidades da asociacións, sempre que non requiran, segundo estes Estatutos, autorización expresa da Asemblea Xeral.

Son facultades propias da Xunta Directiva:

- a) Dirixi-las actividades sociais e leva-la xestión económica e administrativa da Asociacións, acordando realiza-los oportunos contratos e actos.
- b) Executa-los acordos da Asemblea Xeral.
- c) Formular e someter á aprobación da Asemblea Xeral os Balances e Contas anuais.
- d) Resolver sobre a admisión de novos/as asociados/as.
- e) Nomear delegados para algunha determinada actividade da Asociación.
- f) Calquera outra facultade que non sexa de exclusiva competencia da Asemblea Xeral de socios.

Artigo 11. O/A Presidente/a terá as seguintes atribucións: Representar legalmente á Asociación ante toda clase de organismos públicos e privados; convocar, presidir e levanta-las sesións que celebre a Asemblea Xeral e a Xunta Directiva, así como dirixi-las deliberacións dunha e outra; ordenar pagamentos e autorizar coa súa firma os documentos, actas e correspondencia; adoptar calquera medida urxente que a boa marcha da Asociación aconselle ou no desenvolvemento das súas actividades resulte necesaria ou axeitada, sen prexuízo de dar conta posteriormente á Xunta Directiva.

Artigo 12. O/A Vicepresidente/a substituirá ó/á Presidente/a en ausencia deste/a, motivada por enfermidade ou calquera outra causa, e terá as mesmas atribucións que el/ela.

Artigo 13. O/A Secretario/a terá a cargo a dirección dos traballos puramente administrativos da Asociación, expedirá certificacións, levará os libros da asociacións legalmente establecidos e o ficheiro de asociados/as, e custodiará a documentación da entidade, facendo que se cursen ás comunicacións sobre designación de Xuntas Directivas e demais acordos sociais inscribibles ós Rexistros correspondentes, así como a presentación das contas anuais e o cumprimento das obrigacións documentais nos termos que legalmente correspondan.

Artigo 14. O/A Tesoureiro/a recadará e custodiará os fondos pertencentes á Asociación e dará cumprimento ás ordes de pagamento que expida o/a Presidente/a.

Artigo 15. Os/as vocais terán as obrigacións propias do seu cargo como membros da Xunta Directiva, e así como as que nazan das delegacións ou comisións de traballo que a propia Xunta lhas encomende.

Artigo 16. As vacantes que se puideran producir durante o mandato de calquera dos/as membros da Xunta Directiva serán cubertas provisionalmente entre ditos/as membros ata a elección definitiva pola Asemblea Xeral Extraordinaria.

CAPÍTULO III

ASEMBLEA XERAL

Artigo 17. A Asemblea Xeral é o órgano supremo de goberno da Asociación e estará integrada por tódolos/as asociados/as.

Artigo 18. As reunións da Asemblea Xeral serán ordinarias e extraordinarias. A ordinaria celebrarase unha vez ó ano, dentro doas catro meses seguintes ó peche do exercicio; as extraordinarias celebraranse cando as circunstancias o aconsellen, a xuízo do/a Presidente/a, cando a Xunta Directiva o acorde ou cando o propoña por escrito unha décima parte dos/as asociados/as.

Artigo 19. As convocatorias das Asembleas Xerais realizaranse por escrito expresando o lugar, día e hora da reunión así como a orde do día con expresión concreto dos asuntos a tratar. Entre a convocatoria e o día sinalado para a celebración da Asemblea na primeira convocatoria haberán de mediar ó menos quince días, podendo así mesmo facerse constar se procedera a data e hora en que se reunirá a Asemblea en segunda convocatoria, sen que entre unha e outra poda mediar un prazo non inferior a unha hora.

Artigo 20. As Asembleas Xerais, tanto ordinarias coma extraordinarias, quedarán validamente constituídas en primeira convocatoria cando concorran a ela un tercio dos/as asociados/as con dereito a voto, e en segunda convocatoria calquera que sexa o número de asociados/as con dereito a voto.

Os acordos tomaranse por maioría simple das persoas presentes ou representadas cando os votos afirmativos superen ós negativos, non sendo computables a estes efectos os votos en branco nin as abstencións.

Cómpre maioría cualificada das persoas presentes ou representadas, que resultará cando os votos afirmativos superen a metade de estas, para:

- a) Nomeamento das xuntas directivas e administradores.
- b) Acordo para constituír unha Federación de asociacións ou integrarse nelas.
- c) Disposición ou alleamento de bens integrantes do inmovilizado.
- d) Modificación de estatutos.
- e) Disolución da entidade.

Artigo 21. Son facultades da Asemblea Xeral Ordinaria:

- a) Aprobar, no seu caso, a xestión da Xunta Directiva.
- b) Examinar e aprobar as Contas anuais.
- c) Aprobar, ou rexeita-las propostas da Xunta Directiva en orde ás actividades da Asociación.
- d) Fixa-las cotas ordinarias ou extraordinarias.
- e) Calquera outra que non sexa da competencia exclusiva da Asemblea Extraordinaria.
- f) Acorda-la remuneración, no seu caso, dos/as membros dos órganos de representación.

Artigo 22. Corresponde á Asemblea Xeral Extraordinaria:

- a) Nomeamento dos/as membros da Xunta Directiva.
- b) Modificación dos Estatutos.
- c) Disolución da Asociación.
- d) Expulsión de socios/as, a proposta da Xunta Directiva.
- e) Constitución de Federación ou integración nelas.

CAPÍTULO IV

SOCIOS/AS

Artigo 23. Poderán pertencer á Asociación aquelas persoas con capacidade de obrar que teñan interese no desenvolvemento dos fins da Asociación e pagando unha cuota inicial de 3 Euros.

Artigo 24. Dentro da Asociación existirán as seguintes clases de socios/as:

- a) Socios/as fundadores/as, que serán aqueles/as que participen no acto de constitución da Asociación.
- b) Socios/as de número, que serán os/as que ingresen despois da constitución da Asociación.

- c) Socios/as de honor, os/as que polo seu prestixio ou por haber contribuído de xeito relevante á dignificación e desenvolvemento da Asociación, fáganse dignos/as a tal distinción. O nomeamento de socios de honor correspondera á Xunta Directiva ou a Asemblea Xeral.

Artigo 25. Os/as socios/as causarán baixa por algunha das causas seguintes:

- a) Por renuncia voluntaria, comunicada por escrito á Xunta Directiva.
- b) Por incumprimento das obrigacións propias de cada membro.

Artigo 26. Os/as socios/as de número e fundadores/as terán os seguintes dereitos:

- a) Tomar parte en cantas actividades organice a Asociación en cumprimento dos seus fins.
- b) Disfrutar de tódalas vantaxes e beneficios que a Asociación poida obter.
- c) Participar nas Asembleas con voz e voto.
- d) Ser electores e elixibles para os cargos directivos.
- e) Recibir información sobre os acordos adoptados polos órganos da Asociación.
- f) Facer suxestións ós membros da Xunta directiva en orde ó mellor cumprimento dos fins da Asociación.

Artigo 27. Os/as socios/as fundadores/as e de número terán as seguintes obrigacións:

- a) Cumprir os presentes Estatutos e os acordos válidos das Asembleas e a Xunta Directiva.
- b) Aboar as cotas que se fixen.
- c) Asistir ás Asembleas e demais actos que se organicen.
- d) Desempeñar, no seu caso, as obrigacións inherentes ó cargo que ocupen.

Artigo 28. Os/as socios/as de honor terán as mesmas obrigacións que os/as fundadores/as e de número agás das previstas nos apartados b) e d) do artigo anterior.

Así mesmo, terán os mesmos dereitos agás dos que figuran nos apartados c) e d) do artigo 23, podendo asistir ás asembleas sen dereito de voto.

Artigo 29. Os recursos económicos previstos para o desenvolvemento dos fins e actividades da Asociación serán os seguintes:

- a) As cotas de socios/as, periódicas ou extraordinarias.
- b) As subvencións, legados ou herdanzas que puidera recibir de xeito legar por parte dos/as asociados/as ou de terceiras persoas.
- c) Calquera outro recurso lícito.

Artigo 30. O patrimonio inicial ou Fondo Social da Asociación é de 33 Euros.

Artigo 31. O exercicio asociativo e económico será anual e o seu peche terá lugar o 31 de decembro de cada ano.

CAPÍTULO VI

DISOLUCIÓN

Artigo 32. Disolverase voluntariamente cando así o acorde a Asemblea Xeral Extraordinaria, convocada ó efecto, por unha maioría de 2/3 dos/as asociados/as.

Artigo 33. En caso de disolución, nomearase unha comisión liquidadora a cal, unha vez extinguidas as débedas, e se existise un sobranse líquido o destinará para fins que non desvirtúen a súa natureza non lucrativa. No noso caso a asociación cultural O Courel.

DISPOSICIÓN ADICIONAL

En todo canto non estea previsto nos presentes Estatutos aplicárase a vixente Lei Orgánica 1/2002, de 22 de marzo, regulamentadora do Dereito de Asociación, e das disposicións complementarias.

D^a Sheila Fontal Rodríguez, Secretaria da Asociación á que se refiren estes Estatutos.

CERTIFICA: que os presentes Estatutos modificáronse para adaptalos ás previsións da Lei Orgánica 1/2002, de 22 de marzo, por acordo da Asemblea Xeral Extraordinaria de asociados/as de data 10 de Novembro de 2007.

En Teixeira , a 10 de Novembro de 2007

Vº e Prace,

O/A Presidente/a.

O/A Secretario/a